

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**8786** *Corrección de erros do Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico.*

Advertidos erros no Real decreto 437/2010, do 9 de abril, polo que se desenvolve a regulación do proceso de titulización do déficit do sistema eléctrico, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 96, do 21 de abril de 2010, procédese a realizar a oportuna rectificación:

Na páxina 4, artigo 2, número 2, alínea c), onde di: «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2001-2002»: o tipo de xuro, conforme o establecido na Orde ECO/2714/2003, é a media diaria do EURIBOR a tres meses do ano anterior á data de actualización.», debe dicir: «Dereitos de cobramento extrapeninsulares 2001-2002»: o tipo de xuro, conforme o establecido na Orde ECO/2714/2003, é a media diaria do EURIBOR a tres meses do ano correspondente á data de actualización. Para períodos inferiores ao ano, utilizarase a media do EURIBOR a tres meses desde o 1 de xaneiro do ano en que se produce a actualización ata o día en que se produce a dita actualización.».

Na páxina 8, artigo 7, número 3, onde di: «O prezo de cesión dos dereitos de cobramento, definidos no parágrafo iii) do número 1 do artigo 2, será o importe do déficit de ingresos que se recoñeza nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico, nas disposicións polas que se aproben as peaxes de acceso, conforme o establecido no artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril», debe dicir: «O prezo de cesión dos dereitos de cobramento definidos no parágrafo iii) do número 1 do artigo 2, será o importe do déficit de ingresos que se estime que poida producirse nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico, nas disposicións polas que se aproben as peaxes de acceso, conforme o establecido no artigo 1 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril».